

**O POPULISMO RADICAL:
ENTRE AS PROMESAS DE
DEMOCRATIZACIÓN E O
AUTORITARISMO**

Carlos de la Torre
University of Kentucky

O populismo foi vivido polos actores e interpretado polos analistas como un momento excepcional da política. Durante os episodios populistas invócase a soberanía popular, rebordan as canles institucionais e o pobo busca reapropiarse da política. Mais, se ben os analistas comparten a visión do populismo como un momento excepcional, difírenas súas interpretacións sobre os seus potenciais democratizadores. É así que os liberais, seguindo os reparos e as ambivalencias de Max Weber ao carisma, consideran que os movementos extrainstitucionais populistas poden devir en autoritarismos. Esa foi tamén a preocupación de Gino Germani nos seus traballos sobre o peronismo e de politólogos como Steve Levitsky e Kurt Weyland, que argumentan que, en condicións de fragilidade institucional, os populismos deveñen en réximes autoritarios competitivos¹. Outros ven os momentos excepcionais como oportunidades democratizadoras. Segundo Ernesto Laclau, os momentos excepcionais de ruptura populista que son teorizados como a expresión do político non só son precisos para dar cabo de sistemas administrativos e institucionais excluíntes, senón que permiten construír ordes alternativas². Yannis Stavrakakis sostén que o populismo de esquerda que non constrúe ao pobo con visións ultranacionalistas e excluíntes dos inmigrantes é necesario para frear os populismos xenófobos de dereita en Europa³. Un terceiro grupo de autores considera que as relacións entre populismo e democracia dependen do contexto institucional e social. É así que, mentres que os populismos europeos, coa excepción de SYRIZA e Podemos, son excluíntes, os populismos latinoamericanos polo xeral procuraron a inclusión socioeconómica, política e cultural de sectores antes excluídos⁴.

¹ Germani, Gino (1978): *Authoritarianism, Fascism, and National Populism*, New Brunswick, N.J., Transaction Books; Levitsky, Steven / James Loxton (2013): «Populism and Competitive Authoritarianism in the Andes», *Democratization*, 20, 107-136; Weyland, Kurt (2013): «The Threat from the Populist Left», *Journal of Democracy*, 24, 18-32.

² Laclau, Ernesto (2005): *On Populist Reason*, Londres/Nova York, Verso.

³ Stavrakakis, Yannis (2014): «The Return of “the People”»: Populism and Anti-Populism in the Shadow of the European Crisis», *Constellations*, 21:4, 514.

⁴ Mudde, Cas / Cristóbal Rovira Kaltwasser (2013): «Exclusionary vs. Inclusionary Populism: Comparing Europe and Latin America», *Government and Opposition*, 48, 22, CJO doi:10.1017/gov.2012.11.

Antes de empezar, e para evitar malentendidos, pois o populismo é un termo que polo xeral se usa desde os medios para atemorizar, xa que é visto como irracional e perigoso, teño que explicar a que me refiro cando utilizo o termo *populismo*. Entendo o populismo como unha retórica que representa a política como unha loita maniquea entre o pobo e a oligarquía. A lóxica populista polariza a política en dous campos antagónicos, simplifica as complexidades da sociedade como a loita entre dous grupos nidios e apunta á ruptura da orde institucional para forxar institucións alternativas. A noción populista de «pobo» incorpora a idea marxista de conflito antagónico entre dous grupos coa visión romántica da súa pureza e bondade naturais. De resultas diso, o pobo polo xeral é imaxinado polos populistas como unha entidade homoxénea, fixa e indiferenciada. O pobo populista non se enfrenta a adversarios, senón a inimigos morais que representan unha ameaza que debe ser erradicada.

O populismo aseméllase, mais non é igual, aos movementos populares e ás insurxencias feitas no nome do pobo. Por exemplo, os indignados españois, o movemento de Occupy Wall Street e as insurxencias bolivianas durante as guerras da auga e do gas utilizaron unha retórica parecida á populista do pobo en contra das elites, experimentaron con formas de democracia directa e sen representantes e foron vividos como momentos excepcionais nos que se puido imaxinar unha nova orde social e política. Pero, a diferenza do populismo, non tiveron un liderado. Máis ben foron insurxencias sen líderes nas que se buscaron formas horizontais de democracia e a participación e a deliberación de todos⁵.

A diferenza destas formas de poder horizontal e disperso, o populismo, como sinala Nadia Urbinati, para pasar «de movemento a goberno precisa unha ideoloxía que polarice e un líder que pretenda transformar o descontento popular e a protesta nunha estratexia para mobilizar as masas co fin de conquistar o goberno democrático»⁶. O líder populista preséntase como a encarnación do pobo e como quen o guiará á redención da dominación oligárquica. Os líderes populistas incorporan os excluídos redistribuíndo recursos materiais, confrontando os valores

⁵ Arditi, Benjamín (2014): «Insurgencies don't have a plan – they *are* the plan: Political performatives and vanishing mediators in 2011», en Carlos de la Torre (ed.), *The Promises and Perils of Populism: Global Perspectives*, Lexington, University Press of Kentucky; Castells, Manuel (2012): *Networks of Outrage and Hope: Social Movements in the Internet Age*, Cambridge, Polity Press; Zibechi, Raúl (2010): *Dispersing Power: Social Movements as Anti-State Forces*, Oakland, AK Press.

⁶ Urbinati, Nadia (2013): «The Populist Phenomenon», *Raisons Politiques*, 3:51, 139.

da cultura popular á dominación das elites e dando voz a aqueles que están desmotivados ou excluídos da política.

Nesta presentación discutirei os liderados de Hugo Chávez e do seu sucesor, Nicolás Maduro, en Venezuela; Evo Morales, de Bolivia, e Rafael Correa, de Ecuador. A miña charla desenvolverá tres argumentos: 1) Cando os populismos buscan chegar ao poder poden ser democratizadores, pois cuestionan a lexitimidade de réximes excluíntes. 2) Durante os episodios populistas diferentes actores, como son os líderes políticos e os movementos sociais, din que falan no nome do pobo. Dispútase quen pode falar polo pobo, quen o representa e por veces quen o encarna. Cando os movementos sociais son febles e as institucións da democracia representativa están en crise, o líder populista aprópiase da voz do pobo e di ser a súa encarnación. 3) O populismo devén en autoritarismo cando o pobo é imaxinado como unha entidade homoxénea, fixa e indiferenciada que pode ser encarnada nun líder. O populismo tamén devén en autoritarismo cando os adversarios son construídos como inimigos morais que representan unha ameaza que debe ser erradicada.

AS PROMESAS DE INCLUSIÓN POPULISTAS

A bibliografía sobre os Gobernos de esquerda latinoamericana explica a emerxencia dos Gobernos de Chávez-Maduro, Morales e Correa por tres factores endóxenos⁷. O primeiro foi unha crise de representación política. Os partidos tradicionais foron vistos como unha partidocracia corrupta que servía os intereses do Fondo Monetario Internacional. Os partidos políticos tradicionais foron desprazados por *outsiders* que, unha vez que chegaron ao poder, contribuíron a terminar con eles.

Os populistas de esquerda chegaron ao poder con propostas de como mellorar a democracia. Chávez, coa idea de construír unha democracia participativa e protagonista que resolvería os déficits participativos e representativos da democracia

⁷ Weyland, Kurt / Raúl L. Madrid / Wendy Hunter (eds.) (2010): *Leftist Governments in Latin America: Successes and Shortcomings*, Cambridge, Cambridge University Press; Levitsky, Steven / Kenneth M. Roberts (eds.) (2011): *The Resurgence of the Latin American Left*, Baltimore, Johns Hopkins University Press; Torre, Carlos de la / Cynthia Arson (eds.) (2013): *Populism of the Twenty-first Century*, Baltimore/Washington, Johns Hopkins University Press/Woodrow Wilson Center Press.

liberal. Correa prometeu substituír a democracia formal por unha democracia real entendida como políticas públicas que redistribúan a riqueza. Morales propuxo combinar a democracia indíxeno-comunitaria coa democracia liberal para descolonizar Bolivia.

Con estes líderes retornaron as utopías da revolución e do socialismo. Mais, a diferenza dos modelos antigos asentados no uso da violencia para chegar ao poder, a nova estratexia revolucionaria baseouse no uso dos votos e non das balas. As eleccións permanentes buscaron desprazar as elites e construír un campo hexemónico popular. O socialismo do século XXI non se baseou na estatalización dos medios de produción, senón en modelos nos que o Estado ten un rol importante na planificación da economía, que combina formas de produción comunitarias, estatais e privadas.

A maior innovación destes líderes foi o basear a súa estratexia na noción de poder constituínte. Desdeñaron o poder constituído e prometeron a refundación das súas respectivas patrias para acadar a segunda e verdadeira independencia. O poder constituínte foi entendido como a capacidade popular para crear institucións e normativas, coa autoridade capaz de refundar a política, a economía, a moral e a cultura. Estes líderes foron elixidos coa promesa de convocar eleccións para asembleas constituíntes participativas que xerasen novas Constitucións entendidas como pactos e proxectos de sociedade. As novas Constitucións, á vez que ampliaron dereitos, concentraron o poder no executivo.

O segundo factor que explica o xurdimento do populismo de esquerda son os movementos de resistencia masiva ao neoliberalismo. O Caracazo de febreiro de 1989 foi unha insurrección popular en contra do incremento do prezo da gasolina. Os sectores populares de Caracas e doutras cidades saquearon comercios e foron brutalmente reprimidos. En Ecuador tres presidentes entre 1997 e 2005 non puideron terminar os seus mandatos porque insurreccións populares e indíxenas en contra do neoliberalismo e da corrupción contribuíron a dar cabo dos seus Gobernos. En Bolivia, entre 2000 e 2003, as guerras da auga e do gas crearon situacións revolucionarias cando coalicións de indíxenas e doutros movementos sociais paralizaron o país demandando a fin do neoliberalismo, da partidocracia e da entrega dos recursos naturais a multinacionais.

A terceira causa que explica a emerxencia do populismo de esquerda son as demandas pola soberanía nacional. Bolivia viviu violacións masivas aos dereitos

humanos por mor das políticas norteamericanas de extracción forzada da folla de coca. Nun intento desesperado por parar a hiperinflación, o Goberno de Jamil Mahuad en Ecuador cambiou a súa moeda nacional, o sucre, polo dólar americano. Venezuela mudo a orientación da súa política exterior e petroleira, nacionalista e terceiromundista, por unha que apoiaba a globalización. Morales, Correa e Chávez prometeron o retorno dos intereses da nación e concibiron os seus Gobernos como parte dun proceso continental e mesmo global de resistencia ao neoliberalismo. A orientación da súa política exterior foi antiimperialista e creáronse organizacións como o ALBA para contrarrestar os acordos de libre comercio impulsados polos Estados Unidos.

Cando os populismos retan o poder da oligarquía e de elites transnacionais, politizan temas, como o neoliberalismo, que eran tratados como técnicos. Os episodios populistas por veces están asociados a rebelións e insurreccións feitas no nome do pobo. É por estas razóns polas que os populismos son vividos como momentos extraordinarios en que os cidadáns desbordan as canles institucionais para reconstituíren os principios simbólicos e constitucionais da política. Son momentos en que se invoca a soberanía popular e a capacidade do pobo e dos cidadáns de se autogobernaren directa e autonomamente⁸. As insurxencias populistas cuestionan e deslexitiman os fundamentos normativos e simbólicos da autoridade política. Durante estes episodios pódese xerar un novo discurso que conforme unha vontade colectiva⁹.

QUEN FALA NO NOME DO POBO?

O pobo, como o sinala Ernesto Laclau, é unha construción discursiva. O pobo é unha disputa entre actores políticos e movementos sociais e intelectuais. Cando se invoca o nome do pobo, hai que se preguntar quen di estar a falar no seu nome, pois a política baséase en quen pode falar no nome do pobo. Os líderes populistas constrúen o pobo e a oligarquía como polos antagónicos. Din que encarnan os desexos e virtudes do pobo e prometen devolver o poder ao pobo e redimilo do

⁸ Véxase a definición de política extraordinaria en Kalivas, Andreas (2008): *Democracy and the Politics of the Extraordinary: Max Weber, Carl Schmitt, and Hannah Arendt*, Cambridge, Cambridge University Press, 6-7.

⁹ *Ibid.*, 65.

dominio de elites políticas, económicas e culturais. Mais os políticos non son os únicos que pretenden falar no nome do pobo: os movementos sociais tamén din ser a voz do pobo. As disputas e negociacións entre líderes políticos que buscan encarnar o pobo e movementos sociais que, no nome do pobo, limitan a tentación populista de un se autoproclamar como a encarnación da vontade popular explican moitas das disparidades entre os réximes de Chávez-Maduro, Morales e Correa.

A diferenza da visión que homoxeneiza os Gobernos de Chávez-Maduro, Morales e Correa como manifestacións semellantes do populismo de esquerda latinoamericana, estes Gobernos teñen diferentes relacións cos movementos sociais. Tamén se diferencian en se crearon espazos institucionais para a participación popular.

Evo Morales chegou ao poder no pico do ciclo de protestas dos movementos sociais en contra do neoliberalismo e da partidocracia. O seu partido, o MAS, ten orixes nos movementos sociais e en redes de sindicatos campesiños e de organizacións indíxenas. Estas organizacións comparten unha tradición comunitaria de discusión dos problemas e toma de decisións colectivas¹⁰. Os movementos teñen unha cultura política de participación activa e presionan para os líderes seren responsables ante os que os puxeron en posicións de autoridade. Alén diso, os liderados non son permanentes, senón que se basean na rotación dos líderes.

O presidente Morales segue as prácticas de democracia comunal cando discute as súas políticas públicas, como a lei do ensino, a política sobre a coca e a seguridade social, cos movementos sociais. Se ben para algúns académicos estas reunións, que poden durar ata vinte horas, están baseadas na participación de todos, outros consideran que se basean na imposición dos criterios de Morales.

A relación de Morales e os movementos sociais é caracterizada polo sociólogo boliviano Fernando Mayorga como «flexible e inestable», pois foi desde a cooperación ata a independencia¹¹. Os movementos organizados no Pacto de Unidad tiveron un papel independente do Goberno durante a asemblea constituínte. En 2007 reagrupáronse na Coordinadora Nacional por el Cambio (CONALCAM), presidida por Morales, para mobilizaren os seus seguidores nunha conxuntura de loitas intensas en contra da oposición. Os movementos sociais marcharon para

¹⁰ Crabtree, John (2013): «From the MNR to the MAS: Populism, Parties, the State, and Social Movements in Bolivia Since 1952», en Carlos de la Torre / Cynthia Arnson (eds.), *Populism of the Twenty-first Century*, Baltimore/Washington, Johns Hopkins University Press/Woodrow Wilson Center Press, 269-295.

¹¹ Mayorga, Fernando (2012): «Bolivia: populismo, nacionalismo e indigenismo», en Isidoro Cheresky (ed.), *¿Qué democracia en América Latina?*, Bos Aires, CLACSO/Prometeo, 235-251.

apoiaren o Goberno e en 2008 estiveron á fronte da campaña a prol de Morales no referendo revogatorio. Porén, os movementos sociais non están subordinados a Morales. En 2011 protagonizaron protestas en contra do incremento dos prezos da gasolina e marcharon en contra do plan do Goberno de construír unha estrada no parque nacional do TIPNIS.

O Goberno de Correa é diferente e case o oposto ao de Morales, pois non se asenta nos movementos sociais e non promoveu institucións participativas a nivel local. Correa chegou ao poder logo de o movemento indíxena perder momentaneamente a capacidade de organizar actos de protesta de longa duración. Ademais Correa viu no movemento indíxena un perigo e buscou cooptalo e sometelo argumentando que xa pasou o momento dos movementos sociais, pois agora o seu Goberno de esquerda representaba os intereses de todo o pobo. Correa criminalizou a protesta e entre 2009 e 2013 arredor de 300 persoas foron acusadas de atentado en contra da seguridade do Estado con cargos de terrorismo, sabotaxe, rebelión ou unha combinación das tres acusacións.

No Goberno de Correa conviven o discurso populista co dominio dos tecnócratas¹². Unha elite de expertos está a cargo da elaboración de políticas públicas que van desde o plan nacional de desenvolvemento ata políticas de ensino e comunicación do réxime. Os expertos din que falan no nome de toda a nación e non de intereses particulares ou de grupos sociais cualificados como corporativistas, como os mestres, indíxenas ou servidores públicos. O líder actúa coma se encarnase a vontade popular. Os tecnócratas consideran que están alén dos particularismos da sociedade e que poden deseñar políticas que beneficien a toda a nación. O líder e os técnicos ven a sociedade como un espazo baleiro onde poden deseñar institucións e prácticas novas. As reaccións defensivas dos movementos sociais á penetración do Estado reforzan a súa visión de que o seu proxecto de redención universalista se atopa coa resistencia dunha serie de inimigos egoístas, particularistas e corporativistas. Dando por suposto que posúen a verdade que vén do saber dos expertos e da voz unitaria do pobo encarnada no líder, desdeñan o diálogo. De resultas diso, o Goberno de Correa, que prometeu unha revolución cidadá, está a minar as bases que garanten cidadanías autónomas promovendo a formación de masas agradecidas no canto de cidadáns autónomos.

¹² Torre, Carlos de la (2013): «El tecnopopulismo de Rafael Correa: ¿es compatible el carisma con la tecnocracia?», *Latin American Research Review*, 48:1, 24-43.

Chávez chegou ao poder nun contexto en que os movementos corporativistas controlados polos partidos políticos tradicionais non incluíron os sectores populares do sector informal. Chávez viu a oportunidade de os incorporar desde o poder creando unha serie de institucións de democracia participativa. O Goberno de Chávez creou varias instancias para institucionalizar a democracia participativa e protagónica. Os máis estudados foron os círculos bolivarianos e os consellos comunais. Os círculos bolivarianos funcionaron entre 2001 e 2004 e tiveron un rol importante nas protestas en contra do golpe de Estado contra Chávez en 2002. Se ben é indubidable que os círculos incrementaron a participación popular e politizaron sectores previamente excluídos, non están baseados na «clase de autonomía que a democracia require»¹³. Funcionaron con criterios clientelares para transferiren recursos e baseáronse en mecanismos de mediación carismática entre o líder e os seus seguidores que non permiten a autonomía das bases.

Logo do triunfo electoral de Chávez en 2006 radicalizouse o proceso co obxectivo de construír o socialismo do século XXI e o Estado comunal. Os consellos comunais son institucións de participación a nivel local onde se elaboran proxectos de desenvolvemento para a comunidade. Foron a base do proxecto chavista de forxar unha democracia piramidal e directa que pouco a pouco dea cabo das institucións da democracia liberal. En palabras de Chávez, «o poder popular é alma, nervio, óso, carne e celme da democracia bolivariana, da democracia revolucionaria, da democracia verdadeira»¹⁴.

Críticos e defensores dos consellos comunais sosteñen que teñen os mesmos problemas e virtudes ca os círculos bolivarianos. Se ben incrementaron a participación e empoderaron sectores antes excluídos, o liderado personalista e carismático de Chávez reduciu a autonomía das propostas e iniciativas que veñen desde as bases¹⁵.

Chávez ademais organizou desde o poder os seus seguidores para frear as mobilizacións da oposición. Entre 2001 e 2004 unha coalición de organizacións sindicais e sectores de clase media, organizados co apoio dos medios privados, saíu ás

¹³ Hawkins, Kirk / David Hansen (2006): «Dependent Civil Society: The Círculos Bolivarianos in Venezuela», *Latin American Research Review*, 41:1, 102-132.

¹⁴ Chávez citado por Sosa, Arturo (2007): «Reflexiones sobre el poder comunal», en Margarita López Maya (ed.), *Ideas para debatir el socialismo del siglo XXI*, Caracas, Editorial Alfa, 52.

¹⁵ Machado, Jesús (2008): *Estudio de los consejos comunales en Venezuela*, Caracas, Fundación Centro Gumilla; López Maya, Margarita (s. d.): «Los consejos comunales en Caracas vistos por sus participantes: una exploración» (manuscrito non publicado).

rúas para se resistir ás políticas petroleira, educativa e de reforma agraria do Goberno. O 11 de abril de 2002, nas protestas en contra do despedimento dos técnicos de PDVSA, o líder sindical Ortega pediu a milleiros de persoas que marchasen ao palacio de Miraflores para tombar a Chávez. Este episodio terminou no golpe de Estado malgrado de Pedro Carmona. Os seguidores de Chávez foron organizados para defender a Chávez. Os conflitos nas rúas entre partidarios e adversarios de Chávez contribuíron a que o seu Goberno organizase os pobres e excluídos que se sentiron identificados co proxecto e a figura de Chávez.

OS RISCOS DO POPULISMO

Os académicos que se centran no aspecto liberal da democracia que garante os dereitos da oposición, o pluralismo e as liberdades civís argumentan que os Gobernos de Chávez-Maduro, Morales e Correa son autoritarios. Estes Gobernos concentran o poder no executivo e someten as Cortes de Xustiza e os Parlamentos, atentan en contra do pluralismo construíndo os opositores como inimigos malignos que atentan en contra dos intereses do proceso revolucionario, están en guerra cos medios privados de comunicación, as eleccións danse en condicións que favorecen os que están no poder sen dar as mesmas garantías á oposición¹⁶.

Os populistas ven os rivais democráticos como inimigos do líder, do proceso de mudanza e da patria. Xa que a política é construída como unha loita maniquea e sen cuartel entre amigos do réxime e os seus inimigos, créanse situacións de polarización e de politización de todos os aspectos da vida social. Durante a folga xeral da oposición, Chávez, por exemplo, manifestou: «Isto non é entre Chávez e os que están en contra de Chávez, senón que entre os patriotas e os inimigos da patria»¹⁷. Nestas conxunturas de polarización tense que tomar partido e non se aceptan as medias tintas. O discurso populista é moi eficaz en crear identidades populares que son mobilizadas na loita en contra dos inimigos do pobo. O problema é que nunha sociedade complexa e diversa non existen dous campos nidios. A polarización aten-

¹⁶ Levitsky, Steven / James Loxton (2013): «Populism and Competitive Authoritarianism in the Andes», *Democratization*, 20:1, 116-117; Weyland, Kurt (2013): «The Threat from the Populist Left», *Journal of Democracy*, 24:3, xullo, 18-32.

¹⁷ Zúquete, José Pedro (2008): «The Missionary Politics of Hugo Chávez», *Latin American Politics and Society*, 50:1, 105.

ta contra o pluralismo de opinións mesmo dentro das coalicións de esquerda. Alén diso, os rivais teñen que ser eliminados. Os populistas latinoamericanos viron o inimigo como un inimigo político e non usaron a violencia para o exterminaren. Mais limitan os espazos de debate democrático, regulan a esfera pública e buscan someter todas as organizacións populares nunha lóxica de confrontación na que, se non apoian o redentor da nación, son inimigos da revolución.

Os líderes populistas actúan coma se coñecesen os intereses do pobo e cal é a súa vontade. A diferenza dos políticos, que actúan coa premisa de que non sempre estarán no poder, a fantasía da unidade do pobo «abre a porta á percepción do exercicio do poder como unha posesión e non unha ocupación temporal»¹⁸. O seu obxectivo é estar no poder ata transformar o Estado e a sociedade.

Para explicar as características dos populismos que basean a súa lexitimidade en gañaren eleccións, mais que consideran que o pobo é un ente homoxéneo cuxa vontade se encarna nun líder, recorro á teoría da democracia como un espazo baleiro de Claude Lefort. No seu libro *Los dos cuerpos del rey*, Kantarowicz analizou como o rei, igual ca Deus, era omnipresente porque constituía o corpo da política sobre o que gobernaba. Igual ca o fillo de Deus, que foi enviado para redimir o mundo, o rei era home e Deus, tiña un corpo natural e divino e ambos eran inseparables¹⁹. As revolucións do século XVIII abriron o espazo político-relixioso ocupado pola figura do rei. A democracia, sinala Lefort, transformou o espazo antes ocupado pola figura do rei nun espazo baleiro que os mortais só poden ocupar temporalmente. No seu libro *Complicaciones: el comunismo y los dilemas de la democracia*, Lefort explica:

A democracia naceu do rexeitamento á dominación monárquica, do descubrimento colectivo de que o poder non pertence a ninguén, que os que o exercen non o encarnan, que só son os encargados temporais da autoridade pública, que a lei de Deus ou da natureza non se asenta neles, que non posúen o coñecemento final sobre o mundo e a orde social, que non son quen de decidir o que cadaquén ten o dereito de facer, pensar, dicir ou comprender²⁰.

¹⁸ Arditi, Benjamín (2007): *Politics at the Edge of Liberalism*, Edimburgo, Edinburgh University Press, 83.

¹⁹ Morgan, Edmund (1988): *Inventing the People: The Rise of Popular Sovereignty in England and America*, Nova York, W. W. Norton & Company, 17.

²⁰ Lefort, Claude (2007): *Complications: Communism and the Dilemmas of Democracy*, Nova York, Columbia University Press, 114.

O advento das revolucións do século XVIII, segundo Lefort, xerou pola súa vez un principio que podía pór en perigo o espazo democrático. A soberanía popular entendida como un suxeito encarnado nun grupo, un estrato ou unha persoa podería clausurar o espazo baleiro a través da idea do «pobo como un»²¹. Segundo Lefort, o totalitarismo abandona a noción democrática do pobo como heteroxéneo, múltiple e en conflito, onde o poder non pertence a ninguén, coa imaxe do pobo como un que nega que a división é constitutiva da sociedade. A división, sinala Lefort, dáse entre o pobo, que ten unha identidade e unha vontade únicas, e os seus inimigos externos, que teñen de ser eliminados para manter a saúde do corpo do pobo.

Para Lefort a modernidade móvese entre o espazo aberto da democracia e o totalitarismo que o clausura. O que Lefort non analiza é como e cando os proxectos totalitarios non debeñen en réximes deste tipo debido á resistencia das institucións democráticas ou da sociedade civil. Tampouco considera a posibilidade de que existan réximes que non sexan plenamente totalitarios ou democráticos²². Isidoro Cheresky utiliza a noción de poder semiencarnado para analizar os populismos²³. O poder identifícase nun proxecto ou nun principio encarnado nunha persoa que é case mais non totalmente insubstituíble, pois a encarnación do proxecto pode desprazarse cara a outro líder debido a que as eleccións son o mecanismo que lexítima o poder no populismo.

Se ben as eleccións lexítiman o poder dos líderes populistas, estes non poden aceptar facilmente perder unha elección. Se o pobo é construído como que sempre ten a razón, se o pobo é imaxinado coma se tivese unha soa voz e un só interese, é moralmente imposible que o pobo vote por outro candidato que non sexa o candidato do pobo. Como é posible aceptar que o pobo vote polos candidatos construídos como os inimigos do pobo?

De maneira máis pragmática, populistas como Hugo Chávez e Rafael Correa fixeron todo o posible para que a competencia se dea en canchas electorais desiguais. Por exemplo, usaron os medios estatais para faceren campaña, silenciaron a prensa privada, controlaron os tribunais electorais e incrementaron o gasto estatal clientelar para faceren campaña. Antes da elección de outubro de 2012,

²¹ Arato, Andrew (2012): «Lefort, the Philosopher of 1989», *Constellations*, 19:1, 28.

²² Laclau, Ernesto (2005): *On Populist Reason*, Londres/Nova York, Verso, 166.

²³ Cheresky, Isidoro (2012): «Mutación democrática: otra ciudadanía, otras representaciones», en Isidoro Cheresky (ed.), *¿Qué democracia en América Latina?*, Bos Aires, CLACSO/Prometeo, 33.

Chávez creou a Gran Misión Vivienda, Mi Casa Bien Equipada, La Gran Misión en Amor Mayor e a Gran Misión Hijos e Hijas de Venezuela. Correa en 2012 usou os medios públicos para facer campaña, usou helicópteros do Exército, o consello electoral censurou a publicidade dos seus rivais. O candidato de esquerda Alberto Acosta manifestou que a elección foi como xogar un partido de fútbol nunha cancha inclinada e cun árbitro comprado polo equipo contrario.

COMO DE ESTABLES SON OS POPULISMOS DE ESQUERDA?

A extrema personalización do poder nun líder consagrado como o redentor da nación é o talón de Aquiles dos populismos radicais. Se ben Chávez modificou a Constitución para ser reelixido de por vida, non sobreviviu ao cancro e designou un sucesor que, se cremos nas enquisas electorais, perderá a elección de decembro a menos que se dea unha fraude. Rafael Correa está modificando a Constitución para ser reelixido, pois sen el entrarán en conflito os sectores do seu movemento, Alianza País. A extrema concentración do poder na súa figura obríga a seguir á fronte do proceso, pois sen Rafael Correa terminaría a súa revolución cidadá. A diferenza de Correa, que está a usar mecanismos non constitucionais para modificar a Constitución, Morales impulsa as mudanzas constitucionais para a súa reelección nun referendo. Ao buscar a reelección indefinida, Morales está a contradicir os principios liberais de alteridade no poder e os principios da democracia comunitaria indíxena de rotación do poder. Líderes indíxenas da oposición, como Feliz Patzi Paco, gobernador de La Paz, están á cabeza da resistencia a esta xogada de Morales.

A diferenza da visión de que o poder político do executivo está despersonalizado e que a oficina do presidente non é idéntica a quen a ocupa, líderes populistas como Chávez, Correa e Morales vense e son construídos como mesías liberadores cuxa presenza é fundamental para garantir a continuidade do proxecto revolucionario. A presidencia non é vista como un cargo que se ocupa temporalmente e que está regulado por unha serie de procedementos, incluídos os procedementos para o líder abandonar pacificamente o poder²⁴. A misión do líder populista parécese máis á dos patriarcas

²⁴ Keane, John (2009): «Life after Political Death: The Fate of Leaders after Leaving High Office», en John Keane / Haig Patapan / Paul 't Hart (eds.), *Dispersed Democratic Leadership*, Oxford, Oxford University Press, 295.

que sempre teñen de velar polo benestar dos fillos. A metáfora do pai transforma os cidadáns nos seus fillos, en nenos que, se non recoñecen a autoridade do patriarca que os ama, poden ser castigados. Alén diso, os pais, como o anota Karen Kampwirth, son pais de por vida e o seu traballo e misión duran para sempre²⁵.

Os populismos de esquerda xurdiron nunha conxuntura de prezos altos dos recursos naturais que lles permitiu non só redistribuír as rendas, senón ademais non seguir os ditados do FMI. Alén diso, beneficiáronse dos intereses chineses na minaría e no petróleo, o cal lles permitiu ampliar as bases das súas relacións comerciais, afastándose da órbita dos Estados Unidos. As políticas públicas foron moi eficaces á hora de demostrar que estes líderes buscaban o benestar dos máis pobres. Por exemplo, as misións de Chávez deron visibilidade ao seu interese por mellorar o ensino, a saúde e a vivenda. Mais non se asentaron en bases sólidas, senón nos altos prezos do petróleo. Ademais, segundo os estudos de Kurt Weyland, foron pouco eficientes e desbaldiron recursos, polo que os beneficios das políticas sociais do chavismo non foron duradeiros²⁶. Non coñezo estudos sobre a calidade do gasto público de Morales e Correa. Si teño claro que Correa desperdiciou recursos en proxectos faraónicos, como a Ciudad del Conocimiento, unha universidade que supostamente ha xerar tecnoloxía de punta e que tivo maior financiamento ca as universidades públicas existentes e que malgastou recursos. Por exemplo, cada un dos tres reitores da universidade gañaban 16 000 dólares ao mes e dous dos tres residían en California, onde seguiron a exercer as súas respectivas cátedras no California Institute of Technology.

O ALBA foi a alternativa de Chávez aos tratados de libre comercio dos EUA. Segundo diversos estudosos, baseouse máis no pacto entre políticos ca entre Estados-nación²⁷. Por exemplo, cando Manuel Zelaya foi destituído, Honduras abandonou o ALBA. É pouco claro que esta iniciativa vaia funcionar sen Chávez e con prezos baixos do petróleo.

Se ben as bases económicas do populismo radical latinoamericano foron efémeras, o modelo bolivariano de refundación da nación ten un gran poder simbólico

²⁵ Kampwirth, Karen (2010): «Introduction», en Karen Kampwirth (ed.), *Gender and Populism in Latin America: Passionate Politics*, University Park, Pennsylvania State University Press, 12-13.

²⁶ Weyland, Kurt (2013): «Populism and Social Policy in Latin America», en Carlos de la Torre / Cynthia Arnson (eds.), *Populism of the Twenty-first Century*, Baltimore/Washington, Johns Hopkins University Press/Woodrow Wilson Center Press, 117-145.

²⁷ Bagley, Bruce / Magdalena Defort (eds.) (2014): *¿La hegemonía norteamericana en declive?: el desafío del ALBA y la nueva integración latinoamericana del siglo XXI*, Cali, Universidad ICESI.

que ha perdurar á caída dos prezos das *commodities*. O populismo de esquerda foi unha resposta ás exclusións do neoliberalismo e á corrupción dos políticos tradicionais. Apela ao poder constituínte, á capacidade dos cidadáns de refundaren todas as institucións políticas e as súas normativas. Promete devolver o poder ao pobo e facer que este se autogoberne sen a necesidade de intermediarios políticos. En contextos globais en que os políticos seguen os ditados da banca internacional e do FMI, o populismo de esquerda é visto como a alternativa que, inspirándose no concepto de soberanía popular, promete democratizar a sociedade.

O caso de Podemos é moi interesante, pois os seus líderes son seguidores da teoría de Laclau e tiveron experiencias formativas en Bolivia, Venezuela e Ecuador, onde fixeron as investigacións para as súas teses de doutoramento e foron consultores²⁸. Aplicaron con éxito a teoría de Laclau e as experiencias bolivarianas á realidade española. Democratizaron o panorama político español e coido que se esaxera sobre os perigos de Podemos á democracia. Non hai que esquecer que os populismos estudados nesta charla chegaron ao poder cando colapsaron as institucións da democracia e en sistemas presidencialistas que son moi diferentes do sistema parlamentario español. Se é que chega ao poder, Podemos terá que pactar con outras organizacións políticas.

Se ben argumentei que, cando o populismo chega ao poder en contextos de crise dos movementos sociais e das institucións da democracia, pode levar ao autoritarismo, isto non significa que debemos contentarnos con aceptar o poder constituído e as regras do xogo do liberalismo. A idea de revolución realizada no nome dun pobo unitario terminou en experiencias autoritarias. O horizonte da revolución como unha negación total do antigo réxime debe ser substituído pola idea de revolucións autolimitadas que non buscan refundar todas as institucións, senón que aceptan partes do poder constituído²⁹. O reto é construír unha democracia radical asentada na diversidade de propostas e demandas dos movementos sociais e de organizacións políticas que non poden ser reducidas á idea populista do pobo como un ente homoxéneo que irrompe da nada para refundar todas as institucións e normativas. Nesta construción plural e democrática da idea de pobo, un líder non poderá encarnar as aspiracións de mudanza.

²⁸ Seguín, Bécquer (2015): «Podemos and its critics», *Radical Philosophy*, 193, setembro-outubro, 20-32.

²⁹ Peruzzotti, Enrique / Martin Plot (2013): «Introduction: The Political and Social Thought of Andrew Arato», en Enrique Peruzzotti / Martin Plot (eds.), *Critical Theory and Democracy: Civil Society, Dictatorship, and Constitutionalism in Andrew Arato's Democratic Theory*, Nova York, Routledge, 5.